

NOTA DE PRENSA

Os futuros médicos galegos coñecen como abordar as emerxencias e urxencias que se poden presentar nun centro termal

Ademais do médico do balneario, recoméndase que o resto dos profesionais que traballan no mesmo saiban como actuar ante este tipo de situacións

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- A Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia organiza esta tarde unha conferencia centrada nas emerxencias e urxencias nun balneario. O encargado de impartila será o doutor **Santiago Reinoso Hermida**, que posúe unha longa traxectoria como facultativo en diferentes balnearios da comunidade. Celebrarase na aula 4 do edificio docente Roberto Novoa Santos, anexo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a partir das 18:30 horas.

O doutor indica que con esta actividade daranse a coñecer as principais pautas que deben seguirse para abordar situacións de risco que poidan ter lugar nos distintos centros termais. Tal como salienta **Reinoso**, “é importante que os futuros facultativos, en particular os que estean interesados en exercer como directores médicos nun balneario, saiban os procedementos que cómpre seguir para tratar con eficacia unha urxencia que poida acontecer durante o tratamento terapéutico ou mesmo unha emerxencia que xorda nas propias instalacións”.

O doutor mostrará aos alumnos da Cátedra de Hidroloxía Médica como realizar de maneira inmediata os primeiros auxilios en usuarios que sufran algún contratempo. Así, os pacientes teñen garantida unha primeira atención básica e, de agravarse a situación, enviaríanse aos centros de saúde ou hospitais correspondentes en cada caso.

Reinoso lembra que todos os balnearios deben dispoñer dun profesional médico preparado para este tipo de actuacións. Ademais, manifesta que sería moi conveniente que o resto do persoal dos establecementos termais tamén se formara de maneira axeitada para atender os posibles imprevistos que poidesen manifestarse dentro da instalación termal.